



# Instalar a app no meu dispositivo (móbil e/ou Tablet)

Para instalar a app no teu dispositivo móbil (tablet e/ou smartphome), en primeiro lugar descarga a app desde a tenda de aplicacións do teu dispositivo móbil "**Google Play**" ou "**App Store**", do mesmo xeito que calquera outra aplicación para o móbil. Esta app é totalmente gratuíta.

① Se usas un dispositivo móbil (teléfono ou tablet) con **sistema operativo iOS**.

Desde o teu dispositivo móbil abre a tenda de aplicacións **App Store** e busca a app tecleando "Moodle app". A continuación descarga e instala esta app no teu dispositivo móbil.




② Se usas un dispositivo móbil (teléfono ou tablet) con **sistema operativo Android**.



Desde o teu dispositivo móbil abre a tenda de aplicacións **Google Play** e busca a app tecleando "Moodle app". A continuación, descarga e instala esta app no teu dispositivo móbil.

Unha vez descargada a app no teu dispositivo móbil, a primeira vez que a usas debes introducir os datos de conexión coa Aula Virtual do teu centro educativo ou da plataforma que use Moodle.



imaxe 1

imaxe 2

imaxe 3

## ① imaxe 1

Cando abras por primeira vez a app, deberás introducir a dirección URL de aula virtual do teu centro,

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmartaguisela/aulavirtual>

ou escaneando o seguinte código QR:



No caso de querer entrar na Aula Virtual de Edixgal poríamos a seguinte URL:

<https://eva.edu.xunta.gal>

ou escaneando o seguinte código QR:



Fíxate que introduces correctamente a dirección URL e que non cometes ningún erro. Sobre todo asegúrate de que introduces o dominio ".gal" e non ".es".

## ② imaxe 2

Se o enderezo URL introducido é correcto e a configuración da Aula Virtual tamén é correcta, a app permitirá que pulses o botón "**Conectar ...**"

## ③ imaxe 3

Nesta terceira pantalla deberás introducir o mesmo nome de usuario e contrasinal que usas para acceder á Aula Virtual en modo online, desde o ordenador.